

A IDADE MEDIA - A CAÍDA DO IMPERIO ROMANO

O ano 476 d.C. sinálase como a data de desaparición do Imperio Romano de Occidente. Unha serie de pobos xermánicos (tamén chamados bárbaros) como os suevos, visigodos, francos,vándalos... ocupan o territorio que antes era Roma.El Imperio Romano de Occidente desaparece en el siglo V d.C. por problemas económicos, políticos e incluso religiosos. A caída do Imperio marca o inicio da Idade Media.

Os pobos bárbaros repártense o territorio e o Imperio que da dividido en diversos reinos.

A IDADE MEDIA-ETAPAS

Podemos dividir a Idade Media en dúas etapas:

Alta Idade Media

Baixa Idade Media

A ALTA IDADE MEDIA

Tivo lugar entre os **séculos V ao X**. Caracterizouse polo predominio da vida rural, as cidades foron abandonadas.Foi unha época de moita inseguridade e invasións(musulmáns e viquingos).As terras estaban nas mans dos nobles e dos mosteiros dentro dun sistema chamado **feudalismo**. A Igrexa, a través dos mosteiros foi o centro da cultura e impulsou o cristianismo como base espiritual e ideolóxica.

A BAIXA IDADE MEDIA

Durante esta etapa ,comprendida entre mediados do século XI e finais do XV, prodúcese un crecemento en diversos aspectos: aumento da poboación,expansión económica, nacemento de numerosas **cidades** e a aparición dunha nova clase social, a **burguesía**, vinculada ao **comercio**.